

# VII Certame de relato curto "Xosé Neira Vilas"



**Concello de  
Boqueixón**



**VII Certame de relato curto  
“Xosé Neira Vilas”**

Edición 2021  
Edita: Concello de Boqueixón  
Telf. 981 513 061  
cultura@boqueixon.com  
www.boqueixon.com  
Impresión: Gráficas Alonso, S.L.  
D.L.: C 803-2021

Textos gañadores do VII Certame de relato curto “Xosé Neira Vilas” para escolares  
convocado polo Concello de Boqueixón

## SAÚDA



Tras unha edición sen celebrar por mor da pandemia da COVID-19, retomamos o noso ansiado Certame de relato curto *Xosé Neira Vilas*. Non hai dúbida de que o último ano e medio supuxo unha proba de resiliencia para todas e todos. Porén, tivemos a oportunidade de achegarnos, de novo, ao esencial, afastándonos do urxente e do que non nos deixa espazo para o importante no noso día a día.

“Todo está en querer, a vontade e a forza de moitos pode arrincarlle zume ás pedras”. Esta frase de *Querido Tomás* reflexa á perfección a capacidade que temos de superarnos, de enfrontarnos ás dificultades e de seguir adiante, espremendo sempre aquelas ensinanzas que nos aportan.

A literatura, as artes, a cultura... conforman parte desas ferramentas que nos axudan a ver as situacións con perspectiva. É por iso que as administracións debemos seguir apoiando certames coma este, que procuran asentar hábitos como a lectura e o fomento da imaxinación a través das verbas.

Aproveito a espazo que me outorga este novo libro compilador para poñer en valor, unha vez máis, a vontade creativa da nosa rapazada. Nesta sétima edición do certame, presentáronse 52 traballos que amosan a elevada capacidade literaria dos e das escolares. Cónstame que o xurado tivo unha tarefa complicada á hora de escoller os nove relatos vencedores. Anímovos a gozar da súa lectura nas seguintes páxinas.

Non podo rematar sen agradecer á Fundación Xosé Neira Vilas e ao CPIP Antonio Orza Couto polo seu apoio nesta nova edición do noso Certame de relato curto, e á Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio pola súa colaboración. Sen a súa implicación, non resultaría posible. Mais o meu maior agradecemento vai para esa rapazada creadora, entre a que se pode atopar unha futura pluma da literatura galega.

Conclúo cunha recomendación máis para os mozos e as mozas... Non deixedes de crear. Non deixedes de crer na vosa capacidade e, lembrade... *Todo está en querer*.

Manuel Fernández Munín  
*Alcalde de Boqueixón*



LIMIAR



De seguro que hai poucas cousas que sexan máis auténticas que aquilo que se escribe na nenez ou na adolescencia. Sen os artificios retóricos que logo se aprenden e que poden servir máis para enredar que para expresar, e sobre todo, coa pureza de sentimentos propia destas idades, as frases flúen coa naturalidade de quen debece por facerse valer e facerse ouvir. Esa mesma naturalidade resoa no feixe de contos incluídos neste volumen. Podería dicirse que atenden ao que Neira Vilas foi dende un principio: un neno que escribe nun caderno o que pensa e o que sente. Isto era o que facía o inesquecible Balbino, o protagonista daquel fermoso libro que, sesenta anos despois, segue no recordo do público lector.

Naturalidade e autenticidade: velaí o que o autor de *Memorias dun neno labrego* buscaba acadar en todo canto escribía. E éste é sen dúbida o valor máis salientable dos relatos que presentamos aquí. Para a Fundación Xosé Neira Vilas é unha honra colaborar nesta iniciativa do concello de Boqueixón, o concello veciño e tamén o concello no que o propio autor de *Gres* ten traballado de mozo e co que mantiña lazos familiares (o seu pai era de Rebordados, en Oural). Mais o mérito desta iniciativa ten que ser necesariamente para a rapazada que se puxo a escribir e que o fixo co talento que lle permitiu gañar un premio e ver publicado agora o froito do seu esforzo. Dende esta outra banda do río Ulla, dende *Gres*, queremos enviar unha mensaxe de alento para quen non decaian nesta teima por argallar historias que nos emocionan e nos levan a vivir outras vidas.

Quizais se atopen nestas páxinas escritoras e escritores do futuro. Se tal cousa se lograra, vaian por adiantado os nosos parabéns, que cómpre facer chegar tamén aos mestres que os motivaron a escribir e ás familias que os apoiaron. E como non se concibe o acto de escribir sen o hábito de ler, agardamos que sirva de estímulo que neste 2021 celebremos por primeira vez o Día do Lector e da Lectora, que queda fixado para sempre no 3 de novembro, data de nacemento de Xosé Neira Vilas.

Fernando Redondo Neira  
*Fundación Xosé Neira Vilas*





## FALLO DO XURADO DO VII CERTAME DE RELATO CURTO

# “Xosé Neira Vilas”

*En Boqueixón a 6 de maio de 2021, reunido o xurado composto por don Manuel Vilaboa Cebreiro, profesor de Lingua e Literatura galega no CPIP Antonio Orza Couto, dona M.ª Rosario Golmar Saavedra, membro do padroado da Fundación Xosé Neira Vilas, don Xosé Manuel Lobato Martínez, presidente da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio (Boqueixón) e dona Rosario Iglesias Iglesias, técnica municipal de Cultura, para o fallo dos premios do VII Certame de relato curto Xosé Neira Vilas, convocado polo Concello de Boqueixón.*

*Logo de proceder á lectura dos 52 traballos presentados, de acordo co estipulado nas bases da convocatoria e tendo en conta os criterios de coherencia na estrutura do relato, creatividade, riqueza léxica e presentación dos mesmos, Por unanimidade ACORDAN:*

*Premiar os relatos dos/as seguintes participantes no certame:*

### **1.ª Categoría: 3.º - 4.º de Primaria**

- 1.º premio: *A nena moura* de Nerea Rendo Sánchez
- 2.º premio: *Xela e Fidalgo* de Carolina Fernández Chas
- 3.º premio: *Ximena e a serpe máxica* de Diana Neira Varela

### **2.ª Categoría: 5.º - 6.º de Primaria**

- 1.º premio: *Un soño cumprido* de Simón Rouco González
- 2.º premio: *A viaxe do descubrimento* de Mario Devesa Collazo
- 3.º premio: *O polbo futbolista e defensor do mar* de Lucía Sánchez Raviña

### **3.ª Categoría: Secundaria**

- 1.º premio: *O caderno de Pitágoras* de Candela Suárez Méndez
- 2.º premio: *A porta á felicidade* de Noa Méndez Picallo
- 3.º premio: *O legado* de Carlota Romay Soutullo

*A entrega de premios terá lugar o domingo, 16 de maio ás 12:00 h., nas Ínsuas de Gres (Ponte Ledesma), nun acto a celebrar con motivo do Día das Letras Galegas.*



# **A nena moura**

*Nerea Rendo Sánchez*



*1º premio da primeira categoría*



**N**un lugar non moi lonxe de aquí, tras uns montes enormes de piñeiros, no cumio dunha montaña, na cima dun castelo, vivía unha raíña malvada. Tal era a súa maldade que tiña recluídos como escravos a unha familia completa de mouros, aos que facía traballar de sol a sol e pola noite encerrábaos en covas, que ela mesma lles obrigara a escavar.

Un día Xilda, a máis nova da familia, facendo un burato que a raíña lle ordenara, atopou unha estraña pedra luminosa de cor azul. Colleuna e comezou a frotala para limpala. Decatouse de que canto máis a miraba máis forte sopraba o vento. Entón Xilda cubriuna cun pano que levaba na cabeza e gardouna no peto.

Á mañá seguinte, a pequena moura estivo pensando en ensinarlle á raíña o que atopara, pero tiña medo que a castigase, ou peor aínda, que llo fixese á súa familia. Decidiu non facelo.

Pasaron os días e chegou o momento de sementar a colleita de trigo, que a raíña lles esixía á familia moura cada ano, pero a terra estaba seca porque había meses que non chovía.

Os pais de Xilda estaban desesperados porque vían moi difícil sacar unha boa colleita se non chovía, e pasaban as noites chorando.

Xilda decatouse do que pasaba e pensou en buscar unha solución. Espremeu os miolos durante horas e cando xa non podía máis recordou a misteriosa pedra azul. Correu a buscala, subiu á cima da montaña e, entre bágoas de tristura, ficou a mirar a luminosa pedra azul. Comezou a soprar un vento cada vez máis forte, o ceo cubriuse de nubes negras e, cando se escoitaron os primeiros tronos, comezou a chover como nunca Xilda vira chover.

A toda présa, a nena moura regresou á cova onde estaba a súa familia berrando:

– Está chovendo, está chovendo!

Todos saíron ao exterior para ver se era certo o que dicía Xilda, incluso a raíña, que ao ver chover, e tamén ao decatarse da felicidade dos mouros, escapóuselle un pequeno sorriso.

Despois disto viñeron anos de moi boas colleitas e de felicidade. Tanto era así que a raíña malvada semellaba máis contenta. Grazas a isto, permitíalle á familia moura saír a pasear un pouquiño despois de facer as súas tarefas.

Nun destes paseos que Xilda daba, afastouse un pouco máis que de costume dos seus pais e chegou a unha pequena ermida. Achegouse, e curiosa como era, chamou á porta. Ao momento un ancián mouro, cuns dentes enormes e a cara ameazante, preguntoulle:

– Quen es e que fas aquí?

A pequena moura, morta de medo, contestoulle:

– Son Xilda, membro da familia ao servizo da raíña da montaña.

Nese instante, o rostro dese ancián mouro cambiou. Parecía que el sabía o que era estar ao mando da raíña da montaña. Mandou entrar a Xilda e serviulle unha cunca de caldo.

Estiveron falando durante horas, e isto mesmo ocorreu durante días. Cando Xilda podía, achegábase a falar con aquel misterioso ancián.

Pouco a pouco fóronse facendo máis e máis amigos, ata que un día o ancián confesoulle algo increíble. Chamábase Craso e fora o único mouro que coñecera á raíña antes de que se volvease malvada. Xilda, abraiada, descubriu que a raíña, moitos anos antes, fora xenerosa e xusta, pero por un embruxo misterioso, que saíra das entrañas desa montaña, volvérase malvada e desapiadada.

“Por iso quere que fagamos covas, está buscando algo”- pensou para si Xilda.

Craso tamén lle contou que existía un conxuro para desembruxar á raíña, pero precisábase unha flor que só nacía nas ladeiras da montaña cando transcorrían 50 días seguidos chovendo.

Nada máis escoitar isto, Xilda saíu correndo, dicíndolle a Craso que volvería dentro de 50 días. Subiu á montaña, entrou na súa cova, colleu a pedra azul e gabeou ata o cumio da montaña.

Coa misteriosa pedra azul, Xilda fixo chover cada un dos 50 días necesarios para que nacera a flor máxica. O último día, cando deixou de chover, Xilda correu ladeira abaixo buscando esa flor. No medio dunhas pedras, á beira dun carballo moi antigo, atopouna.

Xilda colleu a flor con moita delicadeza e correu a buscar a Craso para pedirlle que a acompañase, xunto coa súa familia a entregarlle aqueles obxectos á raíña. Xilda e Craso contáronlle todo o que pasara á familia de Xilda e, incrédulos e aínda con temor, subiron á cima do castelo.

Cando a raíña viu aos mouros entrar no castelo, anoxouse moito e berrou:

– Que facedes vós no meu castelo?

Todos quedaron petrificados co medo, agás Xilda, que deu un paso adiante e dixo:

– Sabemos que non sempre fuches malvada e queremos que deixes de selo.

Meteu a man no seu peto, sacou o pano que contiña a pedra e a flor, facendo unha reverencia á raíña.

A raíña ao ver a Craso, a pedra e a flor, rompeu a chorar e dixo:

– Dende hoxe tanto eu, que son a Raíña Lupa, coma este monte “O Pico Sacro”, seremos símbolo de misterio e maxia destes lugares, e todos vós volveredes a vivir libres o tempo que desexedes neste castelo.

Dende aquela, e aínda a día de hoxe, dise que o Pico Sacro é un lugar máxico onde se modifica o tempo ao antollo de Xilda, a nena moura.





# **Xela e Fidalgo**

*Carolina Fernández Chas*



*2º premio da primeira categoria*



**N**unha casa duns granxeiros hai xa moitos anos vivían unha nena chamada Xela cos seus pais, Pedro e María.

Xela tiña nove anos, o seu cabelo era louro e os seus ollos eran de cor azul. O pai de Xela tiña trinta e nove anos, era alto e forte co cabelo curto e os ollos igual de azuis e fermosos que os de Xela. A súa nai María tiña trinta e sete anos, era alta e delgada co cabelo longo sempre recollido nunha trenza.

A granxa na que vivían tiña moitos anos, xa que a construíra o tatara-tatara-tataravó de Xela. Era moi grande e de cor vermella. Ao lado da vivenda estaban as cortes dos animais. Tiñan dous burros, varios porcos, galiñas e sobre todo moitas vacas. Tamén tiñan moita maquinaria coa que traballaban as terras.

Vivían afastados da vila nunha frondosa fraga. Xela non ía á escola porque a súa casa estaba moi lonxe dela. O pouco que sabía ler e escribir ensinárallo a súa nai. Cada mañá, Xela erguíase moi cedo para axudar a muxir as vacas. Cando remataban todos os labores ían xantar. Pola tarde era cando Xela estudaba un pouco. O resto da tarde que lle quedaba antes de ir cear aproveitaba para saír a pasear. Xela sempre seguía a mesma ruta que acababa no mesmo sitio, a brincar e xogar nuns muíños abandonados.

Un deses días que Xela chegou ata os muíños atopouse cunha manda de cabalos, bestas e poldros salvaxes. Había centos deles pero Xela fixouse nun pequeno poldro de cor negra con ollos negros e brillantes e unhas fermosas crins de cor castaña. Intentou achegarse ao poldro pero este asustouse e fuxiu. Xela quedou un pouco triste porque pensou que non o ía volver a ver. Ao día seguinte, Xela volveu a ir aos muíños e alí non había nada, nin rastro dos cabalos, nin das bestas, nin do poldro. Cando Xela xa marchaba escoitou uns ruídos detrás dunhas matogueiras, foi mirar e alí estaba o poldro pastando tranquilamente. Xela non se atreveu a achegarse para que o poldro non fuxise. Cando chegou á casa preguntoulle a seu pai por que entre tantos animais que tiñan non había ningún cabalo. O pai respondeulle que era porque el lle tiña medo aos cabalos. Xela preguntoulle por que e o pai contoulle que cando era novo, na granxa si que había cabalos. El tivera un cabalo chamado Raven co que competía en carreiras. Contoulle que un día nunha desas carreiras caera do cabalo e fixérase moito dano chegando a romper unha perna. Despois o seu pai, o avó de Xela, vendera a Raven e nunca máis houbera outro cabalo na granxa. Xela non se atreveu a contarlle ao pai o que descubrira nos muíños por medo a que o pai lle prohibise ir. Xela seguiu indo todas as tardes aos muíños para ver ao seu poldro. Cada día íase arrimando un pouco máis ao poldro e cando xa pasaran sete días atreveuse a tocalo e o poldro non se asustou nin fuxiu. Xa eran amigos! Foi o día que Xela lle puxo un nome: Fidalgo. Ese día foi moi feliz para Xela e cando chegou á casa decidiu contarlle aos seus pais a existencia de Fidalgo. Díxolles que quería levar ao poldro para a casa. O pai díxolle que non, a nai non dixo nada quedou calada. Xela insistía en que quería quedarse con Fidalgo pero o pai non cedía. Pola noite á nena ocorréuselle que cando ao día seguinte fose pasear, antes de ir aos muíños, iría á tenda de animais mercar unha cadeira

de montar e unhas rendas. Cando chegou xunto a Fidalgo púxolle a cadeira e intentou montalo. Despois de varios intentos conseguiu. Xela estaba moi contenta e o poldro tamén. Cada día ía practicar un pouco e despois dunhas semanas xa era toda unha experta. Cansa de andar ás agochadas decidiu coller a Fidalgo e levalo á granxa. A nai cando a viu aparecer votou as mans á cabeza e púxose a berrar chamando polo pai. O pai cando veu a Xela enriba de Fidalgo quedou coa boca aberta. Xela explicoulles o que estivera a facer nas últimas semanas e como conseguira domar ao poldro salvaxe. Ao pai non lle quedou máis remedio que acceder a que Xela quedase con Fidalgo na granxa.

A partir de entón o pai adestrou a Xela e a Fidalgo para preparalos e que puidesen competir. Así chegou o día da primeira carreira que, por suposto gañaron. Despois viñeron moitas máis competicións, unhas gañáronas e outras non. Pero o máis importante foi que Xela e Fidalgo se fixeron inseparables e foron os mellores amigos.

# **Ximena e a serpe máxica**

*Diana Neira Varela*



*3º premio da primeira categoría*



**V**ouvos contar a historia de Ximena, unha nena loira cos ollos marróns. Ten nove anos e encántalle ir ao río a pescar co seu pai Xurxo, xa que o ten moi preto da súa casa.

Ximena sempre foi unha nena moi alegre e rebuldeira, pero a súa familia logo empezou a ver un cambio nela. A súa nai preguntoulle que lle pasaba para estar sempre tan triste, e ela díxolle que os seus compañeiros se rían dela porque pescar é cousa de nenos e non de nenas.

A súa nai intentou convencela de que non lle fixera caso aos seus compañeiros. Que tanto nenos coma nenas poden facer o que se propoñan.

Ao día seguinte toda convencida volveu ao río co seu pai.

De repente Ximena escoitou uns ruídos e dixo:

– Que foi iso?

A nena empezou a coller un pouco de medo. Deuse conta de que o ruído viña dunha montaña de follas. Acercouse e, pouco a pouco, empezou a quitar todas esas follas para ver que había dentro e resulta que era unha cova.

De repente saíu unha serpe xigante e a nena soltou un berro moi grande:

– Aaaaaahhhhhhh.

E a serpe díxolle:

– Non teñas medo Ximena.

A nena non deixou rematar de falar á serpe e dixo asustada:

– Quen es, como sabes o meu nome?

E a serpe contestou:

— Son a serpe Reptilia e son máxica. Estou aquí para axudarche porque sei que eses catro compañeiros teus se rin de ti cando vas pescar. Eu vivo nesta cova agochada. Xa axudei a moitos rapaces e rapazas. A próxima vez que vexa a eses nenos vou saír e dicirlle que non se volvan a rir de ti.

Ximena deulle as grazas a Reptilia pola súa axuda. Ela díxolle que non pasaba nada, que ela só facía o que precisaba a xente para axudar.

E dentro dunhas horas, despois de que marchase a nena, chegaron os catro rapaces e o máis maior dixo:

– Seguro que está esa nena pescando.

E todos os nenos empezaron a rir:

– Ja ja ja, ji ji ji...

E entón saíu a serpe e díxolles aos rapaces:

– Non se vos ocorra volver a rir nin insultar a Ximena. É unha boa rapaza que só quere vir pescar tranquila co seu pai. Se vos seguides metendo con Ximena, ides sufrir consecuencias. Cada vez que volvades non ides pescar nada.

E entón, sen pescar, foron cada un para a súa casa pensando sen parar o que lles dixeran a serpe.

Os rapaces non volveron a meterse con Ximena e tampouco volveron a ese río, porque lles daba un pouco de medo a serpe.

Entón Reptilia deulle a Ximena un amuleto máxico para pescar todos os peixes que había no río, mais para cando se volveran a meter con ela que a puidese axudar.

De alí en diante pescaba un montón de peixes.

Os rapaces déronse conta que todos somos iguais e diferentes ao mesmo tempo.

Ximena e os catro rapaces fixéronse amigos e a nena agradeceulle á serpe a súa axuda.

Todos os días quedaban para ir pescar.

Ximena sempre compartía todo o que pescaba cos seus catro amigos.



# **Un sueño cumplido**

*Simón Rouco González*



*1º premio da segunda categoría*



**E**staba alí, no Amazonas, enriba do escenario, diante dun milleiro de persoas, a punto de dar un discurso que cambiaría a vida dos habitantes do planeta Terra, pero mellor empezo por contarvos como cheguei ata aquí....

Dende cativo apaixonábame a natureza grazas aos meus pais, que me ensinaron a respectar o entorno, non contaminar, reciclar, non xerar residuos innecesarios, deprezarme por medios de transporte o menos contaminantes posibles.... para así, non contribuír ao queamento global.

Cada vez que vía no telexornal noticias sobre catástrofes naturais provocadas pola acción humana, sempre pensaba que tiña que facer algo. Como soportar ver animais atrapados entre redes de mariñeiros, peixes que comen microplásticos e moreas de bosque arrasadas?. Por iso, cando vin nas redes sociais o anuncio dun concurso no que se convocaba á xente para que elaborasen un discurso de concienciación sobre a importancia de coidar a natureza, non o dubidei e anoteime. O gañador viaxaría ao Amazonas para ler o seu discurso diante de grandes personalidades da sociedade e da política mundial.

O problema foi que me anotei sen o permiso dos meus pais, falsificando a súa sinatura. Para que ía molestalos se non era seguro que gañase? Eran moitas a persoas que fan participar, persoas de todas as partes do planeta, de todas as idades e de todas as culturas. Pero gañei.....

Cómo llo dicía agora aos meus pais?

Un sábado pola mañá senteinos no salón e díxenlles:

– Teño que confesarvos algo. Mentinvos. Falsifiquei a vosa sinatura para poder participar nun concurso.

– Pero...

- Non me interrompades, por favor, xa sei que fixen mal, pero o caso é que gañeino e agora teño que viaxar a Brasil, en concreto ao Amazonas, para ler o discurso que escribín e así tentar evitar que se continúe destruindo o planeta.

– Queremos comentarche algo.

– O que?- preguntei cos dedos cruzados.

– Non irás só, acompañarémoste.

Foi tanta a ledicia que me entrou, que pasei toda a tarde dando brincos.

Chegou o día e os meus pais, as miñas irmás e mais eu, collemos un avión privado no Aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Un avión só para nós? Que tolemia...

Unha vez en Brasil hospedámonos nun hotel de catro estrelas, grande e cómodo. Miñas irmás máis eu durmimos nunha habitación que conectaba con outra na que durmían os meus pais.

E agora estou aquí, tremendo coma un flan, a piques de comezar o meu discurso. Cando miro ao público e vexo a Greta Thunberg, Boyan Slat, Joe Biden, Vladimir Putin, entre outras personalidades, doume conta da importancia que ten o que estou a facer e entro en pánico. Estou, bloqueado, miro ao fondo e vexo aos meus pais que asenten orgullosos e dígame: “podo facelo, podo facelo”... as palabras saen soas.

Dez minutos de discurso apaixonado... creo que pagou a pena.

Como resultado, todos os presentes comprometéronse a deixar de talar as árbores do Amazonas e a facer políticas e leis que protexan a natureza por enriba dos intereses económicos.

# **A viaxe do descubrimento**

*Mario Devesa Collazo*



*2º premio da segunda categoría*



**O**s meus amigos e mais eu decidimos emprender unha viaxe a Exipto. Interesábanos moito ver as pirámides para saber algo máis da súa historia e facer algún descubrimento.

O primeiro que fixemos foi planear a viaxe, cando saír, en que viaxar, onde aloxarnos e cando iamos regresar. Tras moito pensar decidimos marchar un sábado pola mañá, viaxar en avión e aloxarnos nun luxoso hotel na cidade do Cairo.

Estabamos moi emocionados e ilusionados e o venres ao rematar as clases empezamos a preparar todo o material. Cargamos as mochilas con todas as cousas necesarias para a viaxe: cantimploras, mapas, GPS, etc.

O sábado levantámonos moi cedo, aínda que tiñamos moito sono, estabamos entusiasmados polo que iamos facer.

Fomos ata o aeroporto para coller un avión que nos levase ata a cidade do Cairo, que é a capital de Exipto. Cando chegamos collemos un taxi que nos levou ata o hotel, gardamos as maletas e collemos as mochilas co material necesario para viaxar ata as pirámides.

Estabamos todos preparados, primeiro leváronnos nun autobús xunto con outros excursionistas ata un pobo que estaba cerca das pirámides. Despois tivemos que facer o último tramo en camelo. Ningún de nós vira antes un camelo. Son moi altos e daba un pouco de medo ir montados neles. Foi todo unha aventura.

Oiramos falar de que había dentro dunha das pirámides unha tumba na cal podía estar enterrado Tutankamón. Entón os meus amigos e eu, que somos moi aventureiros, fomos a explorar para ver si a dabamos atopado.

Entramos nas pirámides, había moitos pasadizos e cando iamos camiñando, alá ao lonxe vimos algo moi raro, moi estraño. Decidimos avanzar para acercarnos a esa parte da pirámide, pero vimos que había moitas trampas que tiñamos que esquivar.

Saían frechas das paredes, había que saltar un estanque con crocodilos e tamén había serpes por todas partes.

Tiñamos que andar con moito ollo, e descifrando xeroglíficos que había nas paredes. Foi moi difícil pero fomos moi astutos e conseguimos pasar todas as probas.

Por fin chegamos a unha especie de tumba. Conseguimos abrir unha enorme porta de pedra e había un montón de area. Empezamos a escavar con moito coidado de non romper nada e cando xa estabamos moi cansos, atopamos un espectacular sarcófago, moi adornado. Con moito medo, abrímolos e puidemos ver a momia de Tutankamón.

Quedamos alucinados co descubrimento, o sarcófago era impresionante, estaba cuberto de adornos, era increíble.

Chegada a noite, estabamos moi cansos e decidimos volver ao hotel para cear e descansar un pouco. Foi un día moi longo e cheo de sorpresas, nunca o esqueceremos.

Volvemos para a casa e cando chegamos contámoslle aos nosos compañeiros a viaxe e o descubrimento que fixeramos pero ninguén nos cría.

Xa estamos pensando en volver a facer outra viaxe xuntos, en busca de novas aventuras pero aínda non decidimos a onde ir, tal vez vaiamos visitar as pirámides maias que hai en México.



# **O polbo futbolista e defensor do mar**

*Lucía Sánchez Raviña*



*3º premio da segunda categoría*



**H**abía unha vez un polbo que vivía na Coruña, no océano Atlántico, chamado Xan.

Xan non era un polbo calquera, era dunha raza descoñecida chamada Maxicus Polbus.

Xan era moi especial porque era o único polbo desta especie pouco común. Xan tiña superpoderes, en cada pata tiña un distinto. Na primeira tiña o poder dos raios, na segunda a teletransportación, na terceira tiña o poder de parar o tempo, na cuarta o de controlar a auga, na quinta a da telequinese, na sexta tiña o poder de voar, na sétima a velocidade e na oitava tiña o poder da superforza.

Ter estes superpoderes implicaba moita responsabilidade xa que tiña que coidar dos mares e dos seus habitantes e para un polbo neno como era Xan, era moita carga.

El non quería ter os superpoderes, el o que quería era xogar ó fútbol. O seu ídolo era unha futbolista chamada Verónica Boquete. A Xan encantáballe o fútbol. Era o que máis lle gustaba no mundo e desexaba ser o primeiro polbo que participase nun mundial.

Os avós de Xan chamábanse Tristán e Isolda. Eles non tiñan superpoderes e a súa nai tampouco os tiña, pero dicíanlle a Xan que, como el posuía eses superpoderes, tiña que coidar do mar e dos animais, pero Xan o que quería era xogar ó fútbol.

Un día, polo aniversario de Xan, regaláronlle un balón de fútbol. Estaba tan ilusionado co regalo que case explota de alegría.

Xan non sabía con que pata xogar, xa que con tantos superpoderes nelas, tñiao un pouco complicado, así que ó final decidiu xogar coa cabeza.

Un día que Xan estaba xogando coa pelota, esta caeulle e cando foi a recollela atopouse cunha tartaruga ferida. Estaba toda sucia de petróleo e tiña as patas todas envoltas en plástico. A tartaruga non daba avanzado. Xan utilizou os superpoderes para axudala. Foi atrás no tempo para ver que sucedera e o que puido ver foi como unhas persoas tiraban plástico o mar. Naquel momento deuse conta de que, xa que tiña os superpoderes, a súa obriga era protexer o mar. A partir dese día adicouse a salvar o mar.

O primeiro que fixo foi quitarlle o lixo e salvar a tartaruga e para iso volveu o tempo atrás, para evitar o sucedido. Cando a tartaruga se achegou ós humanos que estaban a tirar o plástico, Xan lanzoulle unha alga e as persoas asustáronse e dicían:

– Pero... quen nos lanzou a alga?

O segundo paso para salvar o mar da porquería que os humanos tiraban nas praias, decidiu provocar un tsunami para asustar á xente que estaba na praia e que se deran conta de que tiñan que coidar o mar e máis o planeta.

Como Xan salvou o mar, os animais mariños decidiron xogar con el ó fútbol. A tartaruga, en agradecemento, presentoulle a Verónica Boquete. Cando a viu diante dos seus ollos non o podía crer!

Xan dende ese día foi xogador profesional.

Coñeceu a un polbo femia, moi guapa, chamada Tula, coa que tivo oito fillos, dos cales catro eran da especie *Maxicus Polbus*.

Ó principio Xan, cando se deu conta que catro dos seus fillos eran da especie máxica, púxose moi triste pero despois pensou que non era tan malo, xa que el era feliz axudando ós animais que o necesitaban e ademais, ter catro axudantes sería fantástico, xa que poderían repartir o traballo entre todos e quedaríalle máis tempo para xogar o fútbol.

Agora, cando alguén tira lixo no océano e nos mares, teñen que enfrontarse a Xan máis ós seus catro fillos máxicos.

# O caderno de Pitágoras

*Candela Suárez Méndez*



*1º premio da terceira categoria*



Collo a carta do lixo, xa non sei cantas veces a tirei para, pasados uns minutos, volver recollela. É que, non dou crédito o que nela está escrito. Pero, sen dúbida ningunha esa é a letra do meu avó, Antón, coñézoa de sobras despois de ler, dende cativo, todos os seus cadernos de notas. Cadernos de Pitágoras, como lles chamaba.

A verdade é que non sei se estou anoxado, decepcionado ou simplemente ámbalas dúas cousas. Teño uns sentimentos que non sei definir moi ben. *Shock* esa é a palabra, estou en *shock* dende que me chegou esta carta do meu avó, que faleceu hai tres meses, na que me di que matou, hai uns vinte anos, a miña avoa Mercedes.

Séntome no xardín a aproveitar o caloríño deste sol que xa se vai e póño-me a lembrar vellos tempos. Antón contándome as súas aventuras de mariñeiro, dende naufraxios ata liortas con piratas e, por outro lado, a avoa Mercedes ensinándome a tocar o piano, a súa actividade preferida. Sempre me dicía que quixo ser pianista pero a época na que viviu e o feito de ser muller non lle axudaron a conseguir o seu soño.

Pero, empecemos polo principio...

Antón, o meu avó, foi mariñeiro dos que andaban embarcados longas tempadas. El só viña á casa un par de meses polo Nadal e logo outro no verán. Coñecía case todo o mundo e os poucos sitios que lle quedaban por ver tíñaos reservados para visitar coa súa muller, Mercedes

A miña avoa, Mercedes, era a única filla dunha familia adineirada que vivía nunha especie de pazo ó que lle chamaban a Casa Grande, ás aforas da vila. Foi unha muller fermosa e loitadora á que as inxustizas lle sacaban o xenio e o “que dirán” lle importaba un pemento. Así que, cando empezou a mocear con Antón, que non pertencía á súa clase, foi todo un escándalo na vila empezando pola súa propia familia que non admitía tal cousa. Pero ela era de armas tomar, así que, como non os deixaban casar polas boas pois... casaron polas malas e ó cabo de cinco meses naceu Elisa, miña nai.

Como o avó pasaba moito tempo fóra, elas vivían na Casa Grande xa que así estaban máis acompañadas. Pero cando se achegaban os días para a volta de Antón a avoa collía a Elisa e ían para a pequena casa que o avó mercara preto do porto, o máis lonxe posible da Casa Grande para que nada e sobre todo ninguén se metese nas cousas del e Mercedes.

Elisa, miña nai, odiaba todo o que a afastaba dos seus avós por iso non lle gustaba seu pai, xa que a facía abandonar as comodidades para ir a un “cortello”. Nese cortello, como lle chamaban a miña nai e os seus avós, Antón e Mercedes eran moi felices, naquela casa respirábase alegría, enerxía positiva e música moita música. A relación de miña nai con Antón sempre foi distante e moi tirante e despois da morte da avoa, simplemente, deixaron de ter trato.

E agora toca falar de min, eu son Carlos e a relación que tiveron sempre cos meus avós maternos foi extraordinaria. O avó viña recollerme á escola, levábame tódolos xoves a merendar chocolate con churros á de Manolo e contábame un montón de historias de mariñeiros e barcos, soldados e guerras ou policía e ladróns, daba igual o tema, sabía de todo. A avoa ensinábame a tocar o piano, ás agachadas de miña nai, unha das cousas que máis me gustaba e que cos anos se converteu na miña profesión. Eramos felices e parecíanos que sempre sería así. Pero de súpeto e sen avisar a enfermidade chamou á porta.

A avoa xa sabía desde uns meses para atrás que estaba enferma pero tratou de ocultalo o máximo de tempo posible, aínda que o avó acabou decatándose de que algo non ía ben e púxose en contacto co médico.

A noticia foi un golpe inesperado para todos, ben, eu non me decatara de moito xa que aínda era un cativo de doce anos ó que ninguén se molestou en explicarlle o que estaba a acontecer. O diagnóstico foi demoledor, esclerose lateral amiotrófica, e aínda que o avó buscou outras opinións todas levaban o mesmo sitio.

A avoa intentou levalo sempre da mellor forma posible, pero a enfermidade avanzou moito máis de présa do que todos contabamos e así en menos dun ano pasou a ser unha persoa dependente completamente, non andaba, non comía soa e ó último case non falaba.

Antón sempre estaba con ela e eu tamén pasaba moito tempo alí e agora era eu quen tocaba o piano ou contaba historias. Foi moi triste ver como os ollos da avoa ían perdendo esa chispa tan característica dela e como o avó se ía consumindo pola tristeza do que estaba a pasar.

Pero cando estaban sós empezaron a trazar un plan, un plan que ninguén coñeceu ata o día en que me chegou esta carta acompañada dunha caderniño de notas, un caderno de Pitágoras no que o avó anotou todo con pelos e sinais.

Resumindo, a avoa, xa moi avanzada a enfermidade, convenceu o avó para que mercase unha serie de substancias para acabar co seu sufrimento. Parece ser que lle levou moito tempo porque o avó non estaba polo labor, pero tampouco quería vela retorcerse de dor, dor que non había maneira de controlar. Día tras día, Mercedes suplicáballe, choráballe, berráballe que a axudase a morrer, a liberarse dese sufrimento que lle partía a alma e o corpo.

Antón un día dixo si, Mercedes xa non podía falar pero faláronos os seus ollos que lle deron un grazas tan grande que case lle parte o corazón en mil anacos. Queríaa tanto que a ía deixar marchar como ela desexaba, aínda que despois el se afundise nun pozo negro do que nunca saía de todo.

As últimas anotacións de Antón teñen data do 10 de agosto e son un “chegou o día” e con letra moi grande “espérame no infinito”. A partir de aí o avó nunca máis anotou nada en ningún lado ata a carta que me escribiu uns meses antes de morrer.



Xa é de noite así que recollo as cousas e entro na casa.

Chego a conclusión de que non podo facer nada por cambiar o que aconteceu pero tampouco sei se cambiaría algo. Antón e Mercedes eran donos das súas vidas e libres para decidir o que facer con elas. Para ben ou para mal.



# **A porta á felicidade**

*Noa Méndez Pícallo*



*2º premio da terceira categoría*



**E**sa mañá de xullo, cando Lola espertou, estirou o corpo e levantouse da cama dun salto, co sorriso posto. Por fin chegaba o día que máis ilusión lle facía, despois das festas do Nadal. Ía ser un gran día : hoxe chegaba Xacobe.

Xacobe e ela coñecíanse dende a infancia. Os seus pais eran amigos. De pequenos eran inseparables, ata o día que Xacobe e a súa familia tiveron que marchar para Barcelona. Todos os veráns, el viña un mes á casa de Lola.

Unha vez vestida, baixou correndo á cociña, espetoulle un bico a súa nai e cando ía saír, Luísa parouna en seco

– Onde vas ti tan a correr, terás que almorzar algo, non?

– Mamá, teño présa e ademais non teño fame.

– Non teño fame... —dixo Luísa burlándose— Todos os anos o mesmo conto. Anda, vai, pero leva unha froita polo menos.

Lola cruzou a porta, respirou fondo, deulle unha dentada á mazá e botou a andar ata a parada do autobús.

Xacobe xa estaba de pé antes de que parara o autobús, como non parase rápido, saltaría pola xanela.

Ano tras ano, Lola ía a recibilo. Fundíronse nun abrazo. Botaron a andar, falando de mil cousas como se non pasara un ano.

Unha vez no cuarto, empezaron a planear o que ían facer nos próximos días, sen a mínima sospeita que esa mesma tarde, as súas vidas ían cambiar para sempre.

Despois da comida, Lola e Xacobe decidiron ir dar unha volta. Todo o camiño estiveron falando e rindo. Tiñan moitas cousas en común, unha delas era que se sentían moi sós.

Ó chegar á cima do camiño, atopáronse fronte a unha porta ergueita no medio da nada. Achegáronse, intrigados.

– Que cousa máis rara... Algunha vez viches unha cousa así? – preguntou Xacobe.

– Non, a verdade.... E poderase abrir?

– Cres que deberíamos abríla?... Non sei eu se é boa idea..

– De todos modos o único que pode pasar é que caia- contestou Lola entre risas.

Xacobe botoulle a man á pechadura da porta. Cal foi a súa sorpresa cando ao abrir, viron un corredor pintado de branco nuclear, con dúas portas máis. Nunha poñía “Eles daranche” e na outra “Ti me dás”. Quedouse mirando a Lola, sen dar crédito ao que vía.

– Que facemos agora, volvemos á casa o abrimos estas portas?

– Non sei Lola, isto tenme moi intrigado, e moi asustado tamén se che digo a verdade. Pero coñécesme, a curiosidade sempre puido comigo – contestou Xacobe ríndose.

– Pois, alá imos logo – respondeu Lola suspirando. – E por cal empezamos? Ou imos cada un nunha? Eu quedaría máis tranquila se non nos separamos. Ti que opinas?

– Vale, botámolo a sorte. Cara é “Eles daranche”. Colleu unha moeda e lanzouna ao aire. – A sorte falou.... cruz, así que pola porta “Ti me das”....

Ao abrir, entraron nun lugar moi luminoso, impoluto, con vitrinas por todas partes. O lugar transmitía calma e serenidade. Fóronse acercando e descubriron que non estaban baleiras. Dentro de cada vitrina, uns seres recubertos de pelos estaban mirando para eles. Cada cal máis fermoso có anterior, limpiños, coidados, tumbados moi relaxados. Parecían moi felices, sen preocupacións.

– Mira que preciosidades hai aí – exclamou Lola.

– E como se supón que poidamos sacalos de aí ?

– *Á dereita, hai un papel cun número. Esa é a cantidade que ti me dás para poderlo sacar de aí, e levalo contigo.* – contestoulles unha voz mecánica.

Xacobe mirou para Lola, sorprendido e sen saber moito que facer. Entón Lola preguntou :

– De onde veñen eses seres maravillosos? Quen os meteu aí?

– *Estes produtos foron creados especificamente para satisfacer o ser humano. Non teñen pasado, e terán o futuro que vostedes estean dispostos a comprarlle* – dixo a voz.

A Lola quedoulle mal corpo ao escoitar iso. A idea de criar para mercar non lle gustou nadiña. Non polos cartos, que por sorte non lle faltaban. Era outra cousa, un sentimento de culpa. Entón quedouse mirando para ese ser perfecto, cos sentimentos divididos. Como se lera a súa mente, Xacobe achegouse e rumoreoulle :

– A min tampouco me gusta o que me fai sentir, síntome sucio.

– Marchémonos Xacobe, isto foi un erro, non me gusta nada este sitio.

Pegaron a volta e saíron por onde entraran. Lola tremía de frío.

– Estás ben? Queres que o deixemos e volvamos á casa?

– Non, pero agora que estamos aquí, quero ver que hai na outra porta, pareceche ben?

– Como queiras... abrímosla logo.

O lugar onde entraron era algo distinto ó anterior. Estaba limpo, pero máis sinxelo. Non había vitrinas, só gaiolas, centos delas. Nunhas podían ver uns seres axitados, intranquilos. Noutras uns seres medorentos, cohibidos.

Cada un, pola súa actitude, contábache a súa historia.... historia de medo, de abandono, de horas grises... pero á súa vez transmitían unha luz que che enchía o peito. As súas miradas puras chegaronlle ao corazón de Lola e de Xacobe.

– Que temos que facer para sacar a estes seres de aquí? – Preguntou Lola

– *Só levalos, darlles amor, coidados e descubriredes o que eles darán a cambio*  
– contestou unha voz como saída do mesmo ceo. – *Pero isto é un compromiso de por vida, non ten volta atrás, pensádeo ben.*

Lola e Xacobe sentíanse eufóricos, en paz co mundo. Flotando como nunha nube, cada un dirixiuse cara a unha gaiola, abriuna e acercouse a criatura que tanto lle transmitía, atraídos por unha forza contra a que non podían loitar.

Cheos de felicidade, saíron do lugar, impacientes por levar a eses seres de luz para a casa.

Pasaron os meses, pasaron os anos, e tanto Lola como Xacobe, nunca máis sentiron a soidade. Aprenderon co tempo que eles non foran os salvadores, senón os salvados. Aquela tarde de xullo, cruzaron a porta á felicidade.





# O legado

*Carlota Romay Soutullo*



*3º premio da terceira categoria*



—**B**o día a todos!

— Bo día, profe! -contestaron ao unísono case todos os rapaces e rapazas da clase que dirixía Paola Duarte, xunto con Montse e Ana. As tres eran profesoras no C.P.I. Neira Vilas de Castrosalgueiro en Boqueixón.

Na mesma aula, grande e luminosa, compartían aprendizaxes tódolos alumnos e alumnas, agrupados por idades semellantes, polos que ían rotando as profesoras de acordo coas necesidades de cada grupo. Había unha actividade na que coincidían os venres e que todos esperaban con entusiasmo: Tiñan por costume compartir a lectura dun libro, dun relato, dun conto... Ese día había moita expectación, xerada a propósito por Paola, xa que prometera contar unha historia que acontecera, anos atrás, na súa vila.

Baixaron un pouco a luz, fíxose o silencio e Ana comezou a ler:

Eran as once e media da noite cando Carmiña saíu dos muíños de Ribadás. Non lle gustaba moito ir de noite, pero aquel día non tivera máis remedio que facelo; pois, co pan que lle quedara na artesa, non terían nin para almorzar ao día seguinte.

«Amasarei pola mañá e teremos pan quentiño para xantar»; ía cavilando ela nestas preocupacións cando escoitou aquel berro que tan mal corpo lle puxo. Non mirou atrás. Era mellor non mirar. «Irei polo atallo da Ramalleira, e antes de que me dea conta xa estarei na casa», pensou.

Atravesou pola zanca do cura, pasou a ponte estreita das brañas e, cando estaba a piques de entrar na corredeira da lama, sentiu o segundo alarido, longo e ameazador coma un laio que saía das entrañas da terra. Dun brinco, guindou a fariña ao chan, botou a correr pensando só en saír viva daquela noite de espanto e foi cando viu de fronte uns ollos brillantes ao final daquela maldita fochanca, que semellaba máis unha caverna que un camiño. Freou de súpeto e, mentres o corazón lle latexaba con tanta forza que o sentía fóra de si, tentou pensar rápido, pero xa era tarde. Recuou por un impulso que non lle deixaba avanzar, cando sentiu as patas daquela besta no seu pescozo. Tirouse ao chan e rendeuse ao peso daquel animal que, no canto de atacala, parecía darlle bicos.

— Por tódolos deuses do mundo! Es ti, You?, Es ti, You? —exclamou a muller sen dar crédito—. Canto me alegro de verte, lambón! Que medo me metiches! —atinou a dicir recuperando o alento—.

Nin sequera tivo tempo de acariñar ao seu can cando notou que tiña tódolos pelos de punta ao tempo que soltaba un gruñido inquietante e descoñecido, coma se non houbera un mañá. Foi entón cando Carmiña se virou, atopándose a dous metros dos ollos acendidos de ira que, agora de preto, parecían os do mesmísimo demo. Xa non tiña dú-

bida, sabía a quen se enfrontaba! O medo paralizouna de tal xeito que non foi quen de reaccionar. Se había alguén que a podía salvar daquel inferno, era o You. Os segundos semelláronlle horas fronte a aquela mirada asasina cando escoitou o derradeiro alarido, imponente e atronador daquel monstro, ao comezo dun ataque inminente e implacable. Carmiña pechou os ollos con forza e abandonouse ao seu destino, agardando unha morte sen remedio. Exhausta e derrotada polo pánico, esperaba a eclosión, o fin, a negrura...

Non lembraba canto tempo estivo esperando a morte cando notou que algo raro estaba a pasar alí. Por que non pelexaban? Por que non atacaba dunha maldita vez aquela besta salvaxe?

Cando xuntou o valor suficiente para abrir os ollos, veu como o lobo se afastaba sen pelexar, abandonaba sen loitar, lento, cerimonioso, coma se dun pacto se tratara, fronte á ollada tranquila e sosegada do seu can.

Ninguén soubo con certeza o que pasou alí aquela noite. O que si sabemos é que ese feito cambiou para sempre a vida de Carmiña e de todos os veciños de Castrosalgueiro. Unha noite que parecía violenta e propia dunha película de medo, rematou cunha lección de vida para todos. Que cada quen imaxine o que queira. A nosa protagonista quixo pensar que os dous animais se respectaron mutuamente. Por que tiña que morrer un deles se había espazo suficiente para os dous? Se eles se entenderon sen falar, canto máis podemos facer nós empregando as palabras? Estas foron as cuestións clave.”

Cando a profesora Montse acendeu a luz, notou o suspense e a emoción nas caras dos rapaces e rapazas. Como todos seguían en silencio, Ana cedulle a palabra á súa compañeira, Paola:

— Nunca sabemos onde imos atopar o punto de partida cara a aprendizaxe que nos vai servir de algo na vida. Carmiña atopouno aquí, cando menos o esperaba e, anos despois, xa convertida en lenda a súa historia, fixo que eu quixera dedicarme ao ensino. Ademais de ensinar matemáticas e xeografía, gustárame transmitirvos un xeito de vivir, con retos humildes pero esixentes. Fomentando, sobre todo, o respecto como pilar básico de entendemento entre todas as persoas; independentemente da súa raza, cor de pel, orixe, xénero ou crenzas... Igual que Marina Garcés no seu libro “Escola de aprendices”, gustárame, xunto convosco, forxar os saberes que combaten as opresións do noso mundo. Porque nunca sabemos bastante se o que queremos é facer un mundo mellor, nin nunca o sabemos todo se o que nos move é non deixar de intentalo.

A clase rematou cun longo aplauso, sorrisos sinceros, e ollos cheos de ilusión.







## NEIRA VILAS, IN MEMORIAM

Desta Terra  
Auga, pedra, sol e vento,  
aquí a ledicia é tanta  
que todo rebule e canta  
e o Ulla vaise contento.  
Teño nesta terra asento  
e un sentimento profundo,  
un amor vivo e rotundo  
polo val onde nacín,  
levo a Gres dentro de min,  
son deste anaco do mundo.



**Concello de  
Boqueixón**

Colabora:

